

PLAN DE ACTUACIÓN E ORZAMENTO 2021

VIGO
CONVENTION
BUREAU



ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	4
2.- OBXECTIVOS XERAIS	5
2.1.- POSICIONAMENTO E DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO.	5
2.2.-IMPULSAR VIGO COMO DESTINO TURÍSTICO DE NEGOCIOS.....	6
2.3.- CANDIDATURA DAS ILLAS CÍES a PATRIMONIO DA HUMANIDADE.....	6
3.- VISIÓN ESTRATÉXICA VCB 2021	7
3.1.- VIGO CIDADE INNOVADORA E SOSTIBLE	7
3.2.- VIGO CIDADE-ESPAZO DE OPORTUNIDADE	7
3.3.- VIGO ESPAZO SANITARIAMENTE SEGURO	8
4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN 2021	10
4.1.- FEIRAS E XORNADAS PROFESIONAIS.....	10
4.1.2.- ASISTENCIA A XORNADAS E/OU WORKSHOPS.	10
4.1.3.- ASISTENCIA A ASEMBLEAS, CONGRESOS E OUTROS ACTOS DO SECTOR.	10
4.2.- ACCIÓNS PROPIAS	10
4.2.1.- REUNIÓNS.	10
4.2.2.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.	10
4.3.- OUTRAS LIÑAS DE ACTUACIÓN	10
4.3.1.- MEMBRESÍA DO SECTOR MICE.	10
4.3.2.- INSTRUMENTOS DE MARKETING.	10
4.3.3.- PROMOCIÓN AEROPORTUARIA	11
4.3.4.-TRABALLOS INTERDEPARTAMENTAIS.....	11
4.3.5.- OBXECTIVO ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE.....	11
5.- composición do padroado DA FUNDACIÓN VCB en 2021	13
6.- SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2021.....	14

7.- COTAS PATRÓNS 2021	15
8.- COTAS SOCIOS 2021.....	16
9.- DESGLOSE DE ESTIMACIÓN INGRESOS EJERCICIO 2021	17
10.- DESGLOSE DE ESTIMACIÓN DE GASTOS EJERCICIO 2021	18

1.- INTRODUCCIÓN

Os obxectivos e estratexias programadas no seguinte Plan de Actuación para o ano 2021 buscan recuperar a senda de crecemento do 2019, que se viu truncada a partir de marzo de 2020 co inicio da pandemia.

O balance turístico de 2020 foi trágico en todo o mundo. As restricións nas viaxes, a pouca confianza do consumidor e a loita mundial por conter o virus da COVID-19 provocaron que unha caída do 72% nas chegadas internacionais durante o primeiros dez meses de 2020, o que supón, segundo a Organización Mundial do Turismo (OMT), que fose o peor ano que se registrou na historia do turismo.



As vacinas, que logren un total control da pandemia, permitirán recuperar a mobilidade e o consecuente relanzamento do turismo. Co arranque da inoculación, prevista para o próximo 27 de decembro, confíase en que para verán completouse a vacinación da gran maioría da poboación.

Tanto o turismo xeral como o MICE precisan nestes momentos dun plan de recuperación no que administracións públicas e privadas traballemos unidas.

O turismo MICE é clave para o sector turístico da cidade de Vigo, polo que o seu relanzamento é moi importante cara a mellora da estacionalidade no turismo.

Non debemos esquecer que Vigo posúe un elemento diferenciado do resto de cidades da súa contorna ao contar con sectores con gran capacidade de dinamizar a actividade congresual (automoción, industria pesqueira, conserveira e naval ou a propia universidade), nunha cidade, na que ao mesmo tempo compre destacar a profesionalidade do seu sector turístico e hostaleiro, os cales contan con distintas escolas e institucións orientadas á formación e mellora da competencia dos actuais e futuros profesionais do sector.

Para rematar debe terse en conta outros dous aspectos que axudan na mellora de expectativas do sector como son, as infraestruturas que posúe a cidade na área de reunións das que forman parte o Palacio de Congresos, o IFEVI, os Auditorios, as salas de reunións, e a capacidade hoteleira principalmente, sen esquecer os espazos existentes grazas a súa capacidade hoteleira.

2.- OBXECTIVOS XERAIS

A situación na que se atopa o turismo na cidade debido aos estragos producidos pola pandemia do COVID-19 obriga a que os obxectivos en 2021 impliquen necesariamente o reforzo e actualización dos establecidos en anteriores.

A competencia das cidades para captar eventos durante os próximos anos vai ser moi forte polo que os esforzos da Fundación deben ir dirixidos a relanzar o sector con novas iniciativas para conseguir recuperar pouco a pouco os niveis de crecemento que Vigo rexistrara nos últimos anos.

2.1- POSICIONAMENTO E DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO.

A cidade de Vigo batía no **ano 2019 récords de turismo**, alcanzando os 430.454 viaxeiros e 949.036 pernoitas. Esta continua liña ascendente desde o ano 2013 viuse truncada de forma brutal co inicio da pandemia. Ata o mes de outubro, Vigo rexistrou un descenso anual de visitantes do 64,95%. Especialmente pronunciada foi a caída de turistas estranxeiros, que ata outubro xa foi do 76,43%.

O turismo de congresos sufriu idéntico desplome en todas as cidades e, por suposto, tamén en Vigo, tal e como detallamos no seguinte apartado.

Ante esta situación, o obxectivo principal para o próximo ano é articular unha estratexia e repositonar a cidade turisticamente. O mantemento das empresas relacionadas co sector pasa necesariamente pola adopción de medidas de apoio e un **programa de reconstrución** no que as administracións terán que xogar un papel impulsor da actividade e dinamizar o sector.

Outras cidades españolas están a traballar no mesmo sentido e promocionan os seus destinos dentro e fóra das nosas fronteiras con iniciativas que destacan, ante todo, a idea de **seguridade**. Vigo parte con vantaxe neste aspecto grazas ao seu tamaño medio e non masificado, ademais da enorme oferta de espazos verdes, aos que se une unha magnífica gastronomía.

A **promoción do destino nas aerolíneas** é outra das nosas prioridades. Durante os últimos meses as compañías aéreas han reducido ao máximo os seus roteiros con Vigo e algunhas mesmo deixaron de operar temporalmente. Desde VCB estamos a traballar para que esas compañías volvan moi pronto a Peinador e aumenten, segundo melloren os datos da pandemia, os seus voos desde/cara a Vigo.

Para facer fronte aos novos retos aos que se enfronta a Fundación, é vital **consolidar os nosos socios e patróns**, moitos dos cales se viron gravemente afectados pola situación

económica. Só co seu apoio poderemos facer fronte dunha forma unida á complexa situación e á desexable recuperación.

2.2.-IMPULSAR VIGO COMO DESTINO TURÍSTICO DE NEGOCIOS.

O sector MICE obtivo nos últimos anos resultados moi positivos na cidade. En 2019 celebráronse en Vigo un total de 197 eventos, deito que supuxo un crecemento do 18,6% respecto a os celebrados en 2018 (166).

En 2020 a Fundación Vigo Convention Bureau tiña no primeiro trimestre de 2020 contabilizada unha previsión de 93 eventos. Deles, celebráronse 27 antes do 11 de marzo. A partir desa data, máis dunha trintena foron aprazados, a maioría para o ano 2021 (aínda que algúns, a día de hoxe aínda non teñen data prevista). E 12 foron cancelados, entre eles algunhas das citas con maior repercusión non sector hostaleiro da cidade, como Conxemar e Navalía. O resto de eventos e reunións celebráronse adaptándose a formatos virtuais e semipresenciais.

TOTAL EVENTOS PREVISTOS 2020	CELEBRADOS	CANCELADOS	APLAZADOS
93	48	12	33

Ante esta situación de incerteza, e conscientes da feroz competencia que se está xestando entre as cidades para captar eventos, é preciso relanzar o sector con novas iniciativas. Entre elas, destacamos as seguintes:

- Reunions con sectores activos na promoción de eventos na cidade.
- Visitas a OPCs e Sociades Profesionais co obxecto de captar eventos.
- Organización de FamTrips para OPCs nacionais.
- Actualización da Guía de Espazos con certificados COVID-FREE.
- Realización de materiais audiovisuais de presentación de Vigo como destino MICE.
- Promoción dunha liña de subvencións para a celebración de eventos.
- Desenvolvemento doutros incentivos como bonos desconto para congresistas.

2.3.- CANDIDATURA DAS ILLAS CÍES A PATRIMONIO DA HUMANIDADE

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 2013 toda unha serie de accións e actividades dirixidas á presentación da candidatura "Illas Cíes-Patrimonio da Humanidade". Desde o inicio este proceso longo e complexo conta coa axuda da Fundación na súa execución mediante a execución de convenios de colaboración co Concello de Vigo.

3.- VISION ESTRATÉXICA VCB 2021

Este Plan de Actuación representa:

- Un mecanismo para o promoción económica de Vigo como destino turístico e MICE.
- Un marco de apoio para o desenvolvemento de estratexias, plans e iniciativas do goberno municipal e principais actores do sector.

3.1.- VIGO CIDADE INNOVADORA E SOSTIBLE

Na actual economía globalizada, na que as cidades son as protagonistas, Vigo necesita manter un nivel de competitividade elevado e exercer un liderado activo para ser capaz de atraer actividades relacionadas co coñecemento, ademais, de crear oportunidades de emprego e desenvolvemento para profesionais con talento e creatividade.

Obxectivo estratéxico:

Crear na cidade as condicións adecuadas para que o tecido produtivo avance en clave de innovación empresarial e se xeren novas actividades en torno a sectores emerxentes capaces de ser motores de cambio. Todo elo apostando pola sostibilidade, factor chave no actual desenvolvemento do modelo de cidade.

3.2.- VIGO CIDADE-ESPAZO DE OPORTUNIDADE

Na nova economía global, organizada en rede, as cidades dinámicas, ligadas a áreas metropolitanas, atraen dous elementos claves do sistema de innovación: a capacidade de innovación (talento, persoas con coñecemento e ideas) e o capital, sobre todo, capital de risco que permite a innovación.

Obxectivo estratéxico:

Apoiar a dinamización da cidade a través de espazos de oportunidade capaces de integrar tecnoloxía, sociedade e calidade de vida propiciando a innovación, as relacións locais e a atracción e retención de persoas emprendedoras, creativas e con talento.

3.3.- VIGO ESPAZO SANITARIAMENTE SEGURO

A pandemia Covid-19, implica necesariamente o traballo nos próximos anos dirixido a posicionar a Vigo como un destino Seguro (Covid-Free). Isto redundará en que o destino mellore a súa competitividade para albergar todo tipo de eventos.

Obxectivo estratéxico:

Promover Vigo como destino seguro apoiando protocolos e actuacións que actualicen a capacidade MICE da cidade arenovando as estratexias para albergar novos eventos.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

2021

4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN 2021

4.1.- FEIRAS E XORNADAS PROFESIONAIS

4.1.1.- ASISTENCIA A FEIRAS DO SECTOR.

- FITUR.
- IBTM BARCELONA.



4.1.2.- ASISTENCIA A XORNADAS E/OU WORKSHOPS.

- XORNADAS FORMATIVAS TURISMO MICE.
- XORNADAS FEMP.



4.1.3.- ASISTENCIA A ASEMBLEAS, CONGRESOS E OUTROS ACTOS DO SECTOR.

- GRUPO DE TRABAJO E ASAMBLEA ANUAL SPAIN CONVENTION BUREAU.

4.2.- ACCIÓNS PROPIAS

4.2.1.- REUNIÓNS.

- ALMORZOS E MESAS DE TRABALLO PERIÓDICAS COS SOCIOS DA VCB

4. 2.2.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

4.3.- OUTRAS LIÑAS DE ACTUACIÓN

4.3.1.- MEMBRESÍA DO SECTOR MICE.

- SCB (Spain Convention Bureau)



4.3.2.- INSTRUMENTOS DE MARKETING.

ONLINE

- RRSS E XESTIÓN DE CONTIDOS VCB E VFO.
- CREACIÓN DUNHA NOVA WEB DA VCB E DA VFO.



OFFLINE

- ACTUALIZACIÓN GUÍAS.
- RENOVACIÓN MATERIAL PROMOCIONAL.



4.3.3.- PROMOCIÓN AEROPORTUARIA

- ELABORACIÓN DE INFORMES ESTADÍSTICOS MENSUAIS E ANUAIS.
- PROMOCIÓN DO DESTINO MEDIANTE COMPAÑÍAS AÉREAS QUE TEÑAN CONECTIVIDADE CO AEROPORTO DE VIGO.
- DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA **FLY TO VIGO**.



4.3.4.-TRABALLOS INTERDEPARTAMENTAIS

- ELABORACIÓN DOSSIERES DE CANDIDATURAS.
- ELABORACIÓN INFORMES ESTADÍSTICOS SOBRE A ACTIVIDADE TURÍSTICA MENSUAIS E ANUAIS.
- SEGUIMIENTO DA ACTIVIDADE MICE DA CIDADE.
- TRAMITACIÓN PERMISOS DE RODAXES.

4.3.5.- OBXECTIVO ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE

- EXECUCIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VCB PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CIES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2021.



COTAS PATRÓNS E SOCIOS

2021

5.- COMPOSICIÓN PADROADO DA FUNDACIÓN VCB EN 2021

CONCELLO DE VIGO

UNIVERSIDADE DE VIGO

CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO

CEP (CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA)

ABANCA

IFEVI (INSTITUTO FEIRAL DE VIGO)

AHOSVI (ASOCIACIÓN DE HOTELES DE VIGO)

FEPROHOS (FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DE PONTEVEDRA)

PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO

VIAXES ABRAMAR (REPRESENTACIÓN ENTIDADES COLABORADORAS)



6.- SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2021

EL CORTE INGLÉS	GALICA.WINE
MARVA	HOTEL TALASO ATLÁNTICO
GRUPO RADIO VIGO	AT SERVICIOS
ORZÁN CONGRES	BREATHINGALICIA
B THE TRAVEL BRAND	AUTOCARES RÍAS BAIXAS
AUTOS GONZÁLEZ	APIT (ASOC. PROFESIONAL GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA)
CdeC	AGP TRADUCCIONES
SPICA	GLOBAL EVENTOS
CATERING MONTSERRAT	LINKIA
DIESEMME	OCEAN SECRETS
VERDE, IMPRESIONES CON SENTIDO	
HOTEL NAGARI	
VIAJES BIVES TOUR	
NAVIERA NABIA	
EVENTOS Y SERVICIOS NORTE	
HOTEL BAHIA DE VIGO	
ECOVIGO	
PAZO DE CEA	
ALMA MATER	
PEPE VIEIRA	
RECTORAL DE COBRES	
PAZO DA TOUZA	
NURIA CERVERA CHEFS	
HOTEL PAZO LOS ESCUDOS	
CASONA DA TORRE	
CATERING EL MOLINO	
BODEGAS MARQUÉS DE VIZHOJA	
ULTRAMARINOS	
HOTEL AMÉRICA	

7.- COTAS PATRÓNS 2021

PATRÓNS	COTAS
<i>TURISMO DE VIGO (CONCELLO DE VIGO)</i>	200.000 €
<i>ABANCA</i>	3.000 €
<i>UNIVERSIDADE DE VIGO</i>	3.000 €
<i>IFEVI</i>	3.000 €
<i>CÁMARA COMERCIO</i>	3.000 €
<i>CEP</i>	<i>Baixa Temporal</i>
<i>PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO</i>	2.000 €
<i>AHOSVI</i>	2.000 €
<i>FEPROHOS</i>	2.000 €

8.- COTAS SOCIOS 2021

SOCIOS	COTAS
ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS	
PAZOS	300 €
CASAS RURAIS	300 €
HOTEL 5*	500 €
HOTEL 4*	400 €
HOTEL 3*	300 €
HOTEL 2* E HOSTEL	200 €
EMPRESAS E TERMINAIS DE TRANSPORTE	
TERRESTRE	600 €
MARÍTIMO	500 €
ESTABLECEMENTOS GASTRONÓMICOS	
ESTABLECEMENTOS GASTRONÓMICOS	300 €
CATERING	400 €
CENTROS DE CONVENCIONS E RECINTOS FEIRAIS	
CENTROS DE CONVENCIONS E REUNIONS	700 €
ORGANISMOS OFICIAIS	
ORGANISMOS OFICIAIS	1.000 €
EMPRESAS DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	
AXENCIAS DE VIAXE E OPC'S	600 €
ORGANIZADORES DE EVENTOS	600 €
EMPRESAS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN	500 €
AZAFATAS	300 €
EMPRESAS AUDIOVISUAIS E EQUIPOS TRADUCIÓN	300 €
EMPRESAS DE MONTAXE	500 €
GUÍAS TURÍSTICOS	300 €
TRADUTORES E INTÉRPRETES	300 €
INFORMÁTICA E CONTROL DE ACCESOS	300 €
FOTOGRAFÍA E VÍDEO	200 €
IMPRENTAS	200 €
SEGURIDADE	300 €
CENTROS COMERCIAIS	900 €
AGASALLO E MERCHANDISING	500 €
OUTROS	
ESPECTÁCULOS E ANIMACIÓN	200 €
BODEGAS	200 €
APP	200 €
ACTIVIDADES DE LECER	200 €
FREELANCE	200 €

9.- DESGLOSE DE ESTIMACIÓN INGRESOS EJERCICIO 2021

INGRESOS	COTA	2021
PATRÓNS		
CONCELLO DE VIGO (TURISMO DE VIGO)	200.000 €	200.000 €
ABANCA	3.000 €	3.000 €
UNIVERSIDADE DE VIGO	3.000 €	3.000 €
IFEVI	3.000 €	3.000 €
CÁMARA DE COMERCIO	3.000 €	3.000 €
CEP	BAIXA TEMPORAL	
PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO	2.000 €	2.000 €
AHOSVI	2.000 €	2.000 €
FEPROHOS	2.000 €	2.000 €
TOTAL INGRESOS PATRÓNS		218.000 €
SOCIOS COLABORADORES E OUTRAS ENTIDADES		22.000 €
TOTAL SOCIOS COLABORADORES E ENTIDADES		22.000 €
OUTROS INGRESOS		
CONVENIO CÍES 2021		250.000 €
TOTAL OUTROS INGRESOS		250.000,00 €
TOTAL INGRESOS		490.000,00 €

10.- DESGLOSE DE ESTIMACIÓN DE GASTOS EJERCICIO 2021¹

ESTRUCTURA DE PERSOAL	
CUSTOS SALARIAIS BRUTOS	137.555,40 €
CUSTOS SEGURIDADE SOCIAL FUNDACIÓN	43.829,60 €
TOTAL ESTRUCTURA DE PERSOAL	181.385,00 €
CONSUMO DE EXPLOTACIÓN E GASTOS DE XESTIÓN	
ALUGUER E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS E RELOCALIZACIÓN	12.000,00€
MATERIAL DE OFICINA	1.050,00 €
EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E AUDIOVISUAL	3.000,00 €
CONSUMOS (Mensaxería, Correos, etc)	250,00 €
TELEFONÍA E COMUNICACIÓNS	1.800,00 €
ASESORÍA LABORAL, FISCAL E XURÍDICA. OUTROS GASTOS LEGAIS	6.000,00 €
MUTUA ACCIDENTES – SEGUROS	1.300,00 €
TOTAL CONSUMOS	25.400,00 €
PUBLICIDADE E MATERIAL DE PROMOCIÓN	
MERCHANDISING E MATERIAL PROMOCIONAL	5.000,00 €
MATERIAL AUDIOVISUAL – DESEÑO E IMAXE	4.800,00 €
TOTAL PUBLICIDADE E MATERIAL DE PROMOCIÓN	9.800,00€
ACCIÓNS DE PROMOCIÓN	
PRODUCCIÓN, DESENVOLVEMENTO E APOIO EVENTOS	3.400,00 €
ASISTENCIA A FEIRAS, EVENTOS- CONGRESOS E ACCIÓNS COMERCIAIS	4.000,00 €
REALIZACIÓN DE FAMTRIP / PRESSTRIP	10.000,00 €
CONVENIO CÍES 2021	250.000,00 €
PROMOCIÓN AEROPORTUARIA	2.500,00 €
TOTAL ACCIÓNS PROMOCIÓN	269.900,00 €
PARTICIPACIÓN EN OUTROS ENTES	
COTA SPAIN CONVENTION BUREAU 2021	3.515,00 €
TOTAL PARTICIPACIÓN OUTROS ENTES	3.515,00 €
TOTAL GASTOS	490.000,00 €

D. Pablo Cameselle Martínez
Xerente Fundación Vigo Convention Bureau

¹ Calquera modificación na distribución das partidas de gasto o longo do ano, deberá ser aprobada polo Comité Executivo da Fundación VCB.